



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

RESOLUCIÓN

O día 03.02.2014, a Vicepresidenta da XMU emitiu Resolución incoando o procedemento para o estudo da unificación dos criterios técnicos para a incorporación de información xeorreferenciada aos expedientes de planeamento, xestión e urbanización tramitados pola XMU, encomendando o dito estudo á Oficina de Planeamento e Xestión, en colaboración cos Servizos Informáticos, os Servizos Técnicos e a Oficina de Cartografía.

En novembro de 2014, os servizos técnicos e xurídicos da Oficina de Planeamento e Xestión, xunto co Responsable da Administración Electrónica dos Servizos informáticos da XMU e a Xefa da Área Técnica, emitiron informe no que se reflicten os termos da Instrución elaborada para a súa consideración pola correspondente Xefatura e sometemento ao órgano competente, de ser o caso, para a adopción da decisión que proceda. Emitido informe proposta no expediente, a dita Instrución queda redactada como segue:

"INSTRUCCIÓN PARA A UNIFICACIÓN DOS CRITERIOS TÉCNICOS PARA A INCORPORACIÓN DA INFORMACIÓN XEOGRÁFICA AOS INSTRUMENTOS DE NATUREZA URBANÍSTICA NO CONCELLO DE VIGO

As Administracións Públicas xeran un importante volume de información referenciada ao territorio, para cuxo manexo eficiente resulta necesario acudir a sistemas de información que almacenen, actualicen e exploten ese conxunto de datos. Así, a xestión de datos que presenten un compoñente de localización (forma e posición) realízase a través dun Sistema de Información Xeográfica (SIX), dispoñendo esta Administración de recursos de información xeoespacial idóneos para operar no campo da xestión do territorio.

Os SIX son valiosos recursos para a planificación dos procesos urbanos que empregan como formatos de codificación de datos xeográficos, basicamente, o vectorial (que utiliza como elementos primitivos: puntos, liñas e polígonos) e o ráster (baseado en unidades denominadas celas ou píxeles).

As funcións de planificación, xestión e transformación urbana que exerce esta Xerencia Municipal de Urbanismo, presentan un alto compoñente técnico e territorial, resultando os SIX ferramentas flexibles para o manexo da información, posto que funcionan como bases de datos que administran a información xeográfica, que permiten a integración e actualización permanente de fontes diversas e que están deseñadas para a súa visualización, edición, xestión e análise. Sen embargo, en xeral, a información urbanística que se xestiona resulta complexa e mudable no tempo e incorpora datos procedentes de diferentes fontes, ao que se engade o feito de que, o acceso a información compartida, esixe certos estándares na elaboración da información urbanística que solventen as carencias semánticas, a diferente referenciación dos códigos e a incompatibilidade de formatos.

Por elo, os criterios técnicos que se definen nesta Instrución, teñen por obxecto unificar as especificacións técnicas consideradas na elaboración do planeamento urbanístico, así como nos instrumentos de xestión e urbanización, estandarizando e normalizando a información cartográfica, a terminoloxía e os campos de información xerais, marcando as pautas técnicas e de calidade mínima que garantan a interoperabilidade dos formatos nos que se presente a documentación xeorreferenciada a un sistema de coordenadas, procurando o máximo diálogo posible entre eles e definindo os formatos de entrega obrigatorios en soporte electrónico, navegable e, de ser o caso, editable.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

Ademais, as presentes normas técnicas elabóranse en consonancia coas Instrucións Técnicas sobre Información Xeográfica publicadas na páxina web da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, da Xunta de Galicia, co obxecto de facilitar a incorporación da cartografía do planeamento ao Sistema de Información e Avaliación Ambiental (SIAVA) e para axilizar a tramitación ambiental.

Así mesmo, na medida do posible, procurarase a integración dos datos dos indicadores mencionados na Resolución do 10.09.2007 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia sobre a inviabilidade do sometemento do PXOM de Vigo a avaliación ambiental estratéxica e daqueles outros que sexan aprobados polo órgano ambiental competente para o cumprimento dos obxectivos de seguimento do PXOM.

Con todo, as regras integradas nesta Instrución para acadar o dito estándar de normalización serán de carácter vinculante para o persoal que se encontra ao servizo desta Administración que deberán consideralo na documentación que elaboren e esixilo na que tramiten, sendo de aplicación tamén a todos os instrumentos de planeamento, xestión e urbanización cuxa tramitación e/ou aprobación corresponda ao Concello de Vigo, incluída a documentación de carácter ambiental que a integra.

1. Ámbito de aplicación.

A presente Instrución resulta de aplicación aos instrumentos de planeamento urbanístico, xestión e urbanización que conteñan información xeográfica xeorreferenciada, cuxa tramitación e/ou aprobación inicial, provisional ou definitiva corresponda ao Concello de Vigo, agás os proxectos de obras de urbanización ordinarias ou complementarias, considerándose tales aqueles non sometidos ao procedemento previsto no artigo 110 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

Nos instrumentos de planeamento urbanístico, a presente Instrución será de obrigada observancia tanto na documentación ambiental como na estritamente urbanística, calquera que sexa a súa tipoloxía e obxecto, resultando esixible aos seguintes instrumentos incluso cando se tratase da súa modificación puntual:

- Plan Xeral de Ordenación Municipal
- Plans Especiais de calquera clase
- Plans Parciais
- Plans de Sectorización
- Estudos de Detalle

Así mesmo, resultará de aplicación aos seguintes instrumentos de xestión:

- Proxecto de reparcelación
- Proxecto de compensación
- Proxecto de equidistribución
- Proxecto de expropiación forzosa

Exceptúanse do seu ámbito de aplicación, os instrumentos cuxo limitado e específico obxecto fixera innecesario incorporar información xeorreferenciada.



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

As determinacións desta Instrución son vinculantes para o persoal que se encontra ao servizo desta Administración que deberán consideralas na documentación que elaboren e esixilas na que tramiten.

2. Obxecto e publicidade.

Estas normas técnicas teñen por obxecto normalizar e estandarizar a cartografía, a terminoloxía e os campos de información xerais que se conteñen nos diferentes documentos integrantes do planeamento urbanístico que conteñan información nun SIX, sendo esixible, así mesmo, aos instrumentos de xestión e urbanización coa finalidade de homoxeneizar formatos, facilitar a lectura e identificar os diferentes instrumentos de planificación, deseño e ordenación sobre o territorio, estandarizar os campos de información, simboloxías e nomenclaturas e facilitar o manexo e comprensión do planeamento e das diversas fontes de datos.

Así mesmo, preténdese acadar a máxima interoperabilidade posible entre as diferentes Administracións competentes na tramitación dos instrumentos de planeamento, polo que, os criterios técnicos da presente Instrución aplicaranse, sen prexuízo do cumprimento das normas técnicas que, con similar obxecto, sexan esixibles pola Consellería competente en materia de medio ambiente, urbanismo e ordenación do territorio en cada momento.

Na medida do posible, procurarase integrar tamén a información xeorreferenciada obtida nos instrumentos definidos no punto 1 desta Instrución, coa dos indicadores mencionados na Resolución do 10.09.2007 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia sobre a inviabilidade do sometemento do PXOM de Vigo a avaliación ambiental estratéxica e daqueles outros que sexan aprobados polo órgano ambiental competente para o cumprimento dos obxectivos de seguimento do PXOM, a fin de completar os datos obtidos con aqueles cun SIX que garanta a xeorreferenciación dos indicadores.

Esta Instrución será publicada na páxina web municipal para o seu coñecemento xeral.

3. Documentación conformante do planeamento urbanístico, instrumentos de equidistribución e proxectos de urbanización

Os instrumentos de planeamento urbanístico, os instrumentos de equidistribución (compensación, reparcelación e equidistribución), os proxectos de expropiación forzosa e os proxectos de urbanización deberán elaborarse en soporte dixital e, cando sexa preciso, tamén en formato papel, debendo obrar sempre no expediente administrativo como mínimo, un exemplar orixinal debidamente asinado polo equipo redactor.

Os servizos municipais comunicarán aos interesados o número de orixinais, copias e copias auténticas que deberán presentar para a súa tramitación.

As copias realizadas por medios electrónicos de documentos electrónicos emitidos polos interesados ou pola Administración, terán inmediatamente a consideración de copias auténticas, coa eficacia prevista no artigo 46 da LRXAP-PAC, sempre que o documento electrónico orixinal se atope en poder da Administración e que a información da sinatura electrónica e, no seu caso, de selado de tempo permitan comprobar a coincidencia co documento.

No relativo á documentación que presente información xeorreferenciada, cando se presente en soporte dixital



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

e formato .pdf, será de código aberto non protexido e estará asinada con sinatura electrónica avanzada do seu autor para garantir a súa autenticidade e integridade.

A documentación electrónica en formato vectorial esixirase, en xeral, en formatos .shp (XIS) ou .dwg. De ser presentados en formato CAD (.dwg, .dxf e .dgn), se deberá aportar ademais a documentación mínima xerada nos sistemas de información xeográfica detallada na presente Instrución.

A información cartográfica en formato dixital presentarase en PDF e nun formato compatible cos sistemas de información xeográfica (SIX).

4. Formatos nos que debe presentarse a información xeorreferenciada

A información xeorreferenciada presentarase ademais en formato vectorial (shp), ráster (GeoTIF), datos tabulares ou base de datos espacial (.xlsx, .ods e .csv). Os ficheiros vectoriais xeraranse en formato shapefile (.shp).

Os grupos de arquivos xuntaranse, como mínimo, en formato .shp, .shx (índice das entidades), .dbf (base de datos ou táboa de atributos que almacena información) e o ficheiro .prj (que almacena información sobre o sistema de referencia).

5. Sistemas de referencia xeográfica

O sistema de proxección a empregar (plano ou cartesiano) será o UTM (Universal Transversal Mercator) para o Huso (cuadrícula) 29N e o sistema de referencia ou xeodésico será o sistema ETRS89 (European Terrestrial Reference System 1989), adoptado como sistema de referencia global no Real Decreto 1071/2007, de 27 de xullo, polo que se regula o sistema xeodésico de referencia oficial en España.

En todo caso, aos efectos da compilación e publicación posterior da cartografía e bases de datos de información xeográfica e cartográfica, os servizos municipais comprobarán que os sistemas de referencia xeográfica empregados na documentación tramitada, cumpre as disposicións contidas na normativa estatal reguladora do sistema xeodésico oficial que resulten de aplicación.

6. Coherencia topolóxica

6.1. Especificacións gráficas dos planos.

Os requisitos das entidades gráficas son os seguintes:

- Punto: inserción exacta da localización do elemento que representa.
- Liñal: conectividade cando representen un mesmo elemento gráfico.
- Poligonal: poliliñas pechadas. Os polígonos continuos comparten liñas adxacentes.

6.2. Coherencia interna do documento

A información relativa a unidades de ordenación, ámbitos de planeamento, etc., contidos na Memoria e demais documentación non estritamente cartográfica que conforma o planeamento, os instrumentos de



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

equidistribución (compensación, reparcelación e equidistribución), os proxectos expropiatorios e os de urbanización, deberá coincidir exactamente cos planos e viceversa.

6.3. Coherencia topolóxica cos recintos definidos en instrumentos de ordenación do territorio ou urbanística de orde superior

Os recintos referidos nun instrumento de ordenación do territorio ou do planeamento urbanístico que fagan referencia a outros plans de orde superior aprobados con anterioridade deberán ser idénticos a estes últimos, agás excepcións xustificadas.

6.4. Coherencia topolóxica dunha capa consigo mesma

As liñas comúns entre recintos veciños deberán ser idénticas, de xeito que non existirán ocos ou solapes entre recintos, agás en casos xustificadas (como, por exemplo, a superposición de recintos correspondentes a distintas categorías de solo rústico na ordenación do termo municipal).

6.5. Coherencia topolóxica entre capas

Os recintos ou partes de recintos que coincidan en diferentes capas deberán ser idénticos.

Cando se trate do PXOM, na capa "ordenación do termo municipal" a envolvente exterior de todos os recintos deberá coincidir exactamente co recinto definido na capa "delimitación do ámbito de planeamento".

Cando exista unha zonificación establecida pola lexislación sectorial, os límites dos recintos definidos no plan deberán coincidir cos límites establecidos na mesma, agás excepcións xustificadas.

7. Metadatos

Os metadatos son arquivos de información, que aportan unha serie de datos adicionais de síntese. Deberán constar en ficheiros independentes, presentados en formato de dato tabular seguindo a NORMA ISO 19115.

Cada ámbito delimitado (ou cada capa) terá asociado un arquivo de metadatos, co seguinte contido mínimo:

- Título do planeamento: nome do ámbito
- Tipo de planeamento: dominio ou código
- Identificador: número de expediente
- Autoría: equipo redactor e identificación da persoa/s que asina/n electronicamente
- Data de creación do arquivo de metadatos
- Fase do procedemento administrativo
- Descrición: resumo do obxecto do planeamento, xestión ou urbanización
- Sistema de referencia/coordenadas: o sistema de proxección empregado
- Escala: resolución espacial da información (preferentemente de 1/5000 – 1/1000)

Para posibilitar a catalogación da información identificativa pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, os datos xeográficos presentarán tamén os metadatos na forma esixida nas Instrucións técnicas sobre información xeorreferenciada aplicadas



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

pola Consellería competente en materia medio ambiente, de urbanismo e ordenación do territorio en cada momento.

8. Capas de información xeográfica

As capas mínimas de información cartográfica serán:

- a) Delimitación do ámbito de planeamento
- b) Ordenación detallada
- c) Edificacións
- d) Viario
- e) Xestión
- f) Urbanización

Co obxecto de unificar criterios, presentaranse as capas de información cartográfica axustada aos códigos dos planos do PXOM e á terminoloxía esixida nas Instrucións técnicas sobre información xeorreferenciada aplicadas pola Consellería competente en materia de urbanismo e ordenación do territorio en cada momento, de acordo cos campos e abreviaturas que se conteñen no Anexo desta Instrución.

9. Cartografía básica ou de referencia

O planeamento urbanístico, os instrumentos de xestión, os proxectos de expropiación e os proxectos de urbanización diferenciarán con claridade a cartografía informativa da de ordenación.

Empregarase a cartografía oficial do Concello de Vigo, xeorreferenciada, que se atopa no link <http://hoxe.vigo.org/movemonos/urbanismo> en formato .dxf ou será proporcionada polo Servizo de Cartografía da Xerencia Municipal de Urbanismo, a instancias do interesado, sen prexuízo do emprego doutra base cartográfica que resulte precisa o conveniente.

10. Adaptación de abreviaturas, acrónimos e capas de información vectorial ao PXOM de Vigo

No Anexo desta Instrución identifícanse as abreviaturas, acrónimos e capas de información vectorial adaptadas ás nomenclaturas empregadas polo PXOM de Vigo e reflíctese a súa equivalencia, cando fóra posible, coas definidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a tramitación do procedemento de avaliación ambiental estratéxica. Para facilitar a comprensión e manexo dos conceptos, inclúese no punto 4 deste Anexo un exemplo práctico de elaboración de táboas de atributos.

Este Anexo ten un carácter aberto e poderá ampliarse ou alterarse en función das novas necesidades e dos cambios normativos que se sucedan, polo que manterase constantemente actualizado e será consultable, xunto con esta Instrución, na páxina web municipal. É por elo, que resultarán esixibles aquelas capas de información e atributos que resulten necesarias para mellorar a calidade ou tratamento dos documentos, aínda que non figurasen inicialmente previstas nel. O Anexo actualizado poderá ser aprobado sen necesidade de modificar a presente Instrución e será inmediatamente publicado na web municipal para xeral coñecemento.

A Xerencia Municipal de Urbanismo manterá actualizada, desta forma, na web municipal, a relación de



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTIÓN

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

abreviaturas, acrónimos e capas que servirán de referencia para a elaboración da información xeográfica dos instrumentos de planeamento, xestión e urbanización que se tramiten.

ANEXO

1. ABREVIATURAS - ACRÓNIMOS

Na elaboración de capas de información xeográfica empregaranse a seguinte lista de abreviaturas e acrónimos derivados do PXOM.

TIPO PLAN/PROXECTO

TIPO PLANEAMENTO

PXOM: plan xeral de ordenación municipal
PP: plan parcial
PS: plan de sectorización
PEP: plan especial de protección
PERI: plan especial de reforma interior
PEID: plan especial de infraestruturas e dotacións
PEON: plan especial de ordenación do núcleo rural
ED: estudo de detalle

TIPO XESTIÓN. SISTEMAS E PROXECTOS

TIPO DE SISTEMA

SC: Compensación
SCT: Concerto
SCOU: Concesión obra urbanizadora
SCP: Cooperación
SE: Expropiación

TIPO XESTIÓN

XC: proxecto de compensación
XR: proxecto de reparcelación
IE: instrumento de equidistribución
XE: Proxecto de expropiación
PRU: Proxecto de urbanización

FASE

di: documento de inicio (anteprojecto de planeamento)
ai: aprobación inicial
ap: aprobación provisional
ad: aprobación definitiva



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

df: documentación final (recepción obras)

CLASE E CATEGORIA DO SOLO.

CATEGORIA

Cat_pxom

SUC solo urbano consolidado
SUNC solo urbano non consolidado
NR solo de núcleo rural
SUD solo urbanizable delimitado
SUND solo urbanizable non delimitado
RPO Solo rústico de protección ordinaria
RPAP Solo rústico protección especial agrario-paisaxístico
RPF Solo rústico protección especial forestal
RPAC Solo rústico protección especial augas, canles e ribeiras
RPC Solo rústico protección especial de costas
RPEN Solo rústico protección especial de espazos naturais
RPI Solo rústico protección especial infraestruturas
RPAQ Solo rústico protección especial arqueolóxica

tipo_cat_pxom (para solo urbano e urbanizable)

APR solo urbano non consolidado SEN ordenacion detallada
AOD solo urbano non consolidado CON ordenacion detallada
S solo urbanizable SEN ordenacion detallada
SOD solo urbanizable CON ordenacion detallada

CUALIFICACION, ZONIFICACION E USO DO SOLO

CUALIFICACION

cual**

Ord (Ordenanza, seguido na nomenclatura na ordenación detallada)

DOTACIONES PUBLICAS

dot**

SX sistema xeral
SL sistema local

USO

uso_pxom

R1: Residencial vivenda Cat. 1ª
R2: Residencial vivenda Cat. 2ª
R3: Residencia comunitaria



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

TH: Terciario hoteleiro
TX: Terciario xeral
D: Dotacional
I: Industrial
GA: garaxe-aparcamento
EL: Espazos libres
IB: Infraestruturas básicas
TC: Transportes e comunicacións
AG: Agropecuario

TIPO DOTACIÓNS

Para *espazos libres e zonas verdes*:

tipo_dot_pxom

EL_1ª

ZV_1ª

ZV_2ª

ZV_3ª

ZV_4ª

ZV_5ª

Para *equipamentos*:

tipo_dot_pxom

E: educación

SC: sociocultural

AS: asistencial

S: sanitario

SP: servizo público

AD: administración pública

R: relixioso

D: deportivo

IB: infraestruturas urbanas

Para *transportes e comunicacións*

tipo_dot_pxom

TC4ª aparcadoiro

Para *infraestruturas*:

tipo_in

abs abastecemento

san saneamento

elec electricidade

gas gas - gaseoducto

tlc telecomunicacións

tipo_rede



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

- fec *fecais*
- plu *pluviais*
- AT *alta tensión*
- BT *baixa tensión*

TITULARIDADE DOTACIONES

- priv
- pub

2. CAPAS DE INFORMACION VECTORIAL

2.1. PLANEAMENTO

Na redacción e tramitación de planeamento, presentaranse, como mínimo, as seguintes capas de información vectorial, xerada mediante programas de sistemas de información xeográfica SIX (GIS). As capas incorporarán nos campos das táboas de atributos as equivalencias do PXOM/AE, sinaladas nos apartados 1 e 3.

Adicionalmente, cando o tipo de plan ou proxecto o requirise, poderán ser necesarias outras capas.

a. **Ámbito de planeamento.**

- É unha capa da delimitación do ámbito e descrición da figura que o desenvolve.
- Tipo de xeometría: polígono
- Nome da capa: tipoplan_ámbito_fase

Campos mínimos da táboa de atributos:

Tipo plan	ámbito	nome
-----------	--------	------

b. **Ordenación detallada.**

- É unha capa que zonifica o ámbito en categoría, cualificación e outras derivadas destas.
- Tipo de xeometría: polígono
- Nome da capa: tipoplan_ambito_ordenacion_fase

Campos mínimos da táboa de atributos

ámbito	Cat_pxom	Cat_loug	tipo_cat_pxom	cual	dot	uso_pxom	zon_aae	tipo_dot_pxom	tipo_aae	ord_ref
--------	----------	----------	---------------	------	-----	----------	---------	---------------	----------	---------

c. **Edificacións.**

- É unha Capa das edificacións existentes e previstas no ámbito.
- Xeometría: polígono.
- Nome da capa: ambito_edificacions_fase

Campos da táboa de atributos:

ambito	estado	altura
--------	--------	--------

d. **Viario.**



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

- É unha capa do viario da ordenación detallada, trazada por eixes e con coordenadas z.
- Xeometría: lineal
Nome da capa: ambito_viario_fase

Campos da táboa de atributos:

viario	titularidade	tramo	estado
--------	--------------	-------	--------

2.2. EXECUCION DO PLANEAMENTO

Para a execución do planeamento, presentaranse, como mínimo, as seguintes capas de información vectorial, xerada mediante programas de sistemas de información xeográfica SIX (GIS). As capas incorporarán os acrónimos e abreviaturas nos campos das táboas de atributos, sinaladas no apartado 1. Adicionalmente, cando o tipo de plan ou proxecto o requirise, poderán ser necesarias outras capas.

e. Xestión. equidistribución

- É unha capa do tipo de instrumento de equidistribución dun ámbito de desenvolvemento e polígonos de execución.
- Xeometría: poligonal
Nome da capa: ambito_tipoxestión

ambito	xestion	pol
--------	---------	-----

f. Urbanización

- É unha capa do tipo das infraestruturas do proxecto de urbanización, trazada con coordenadas z.
- Xeometría: lineal
Nome da capa: ambito_in_urb_fase

ambito	tipo_in	tipo_rede
--------	---------	-----------

3. EQUIVALENCIAS

CLASE E CATEGORIA DO SOLO.

CATEGORIA

Cat_pxom

SUC solo urbano consolidado
SUNC solo urbano non consolidado
 NR solo de núcleo rural
SUD solo urbanizable delimitado
 SUND solo urbanizable non delimitado
 RPO Solo rústico de protección ordinaria
 RPAP Solo rústico protección especial agrario-paisaxístico

Cat_loug

SUC
 SUNC
 SNR
 SUZD
 SUZND
 SRPO
 SRPAG/SRPX



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

RPF	Solo rústico protección especial forestal	SRPFO
RPAC	Solo rústico protección especial augas, canles e ribeiras	SRPAU
RPC	Solo rústico protección especial de costas	SRPCO
RPEN	Solo rústico protección especial de espazos naturais	SRPEN
RPI	Solo rústico protección especial infraestruturas	SRPIN
RPAQ	Solo rústico protección especial arqueolóxica	SRPPC

CUALIFICACION, ZONIFICACION E USO DO SOLO

USO

uso_pxom

R1 Residencial vivenda Cat.1ª
R1 Residencial vivenda Cat.1ª
R2 Residencial vivenda Cat.2ª
I Industrial
TH terciario hotelero
TX terciario xeral
D deportivo
EL espazo libre
TC transporte e comunicacións
IB infraestruturas urbanas

ORDENACION

zon_aae

resunil: residencial – vivenda unifamiliar illada
resunac: residencial – vivenda unifamiliar acaroada
rescol: residencial – vivenda colectiva
ind: industrial
com: comercial e/ou terciario
com: comercial e/ou terciario
equip: dotacións e equipamentos
zvel: zonas verdes e espazos libres
viario: viario e aparcamentos
infr: infraestruturas e servizos urbanos

TIPO DOTACIONES

Para **espazos libres e zonas verdes:**

tipo_dot_pxom

ZV_4ª
ZV_2ª
ZV_3ª
EL_1ª
EL_1ª
ZV_5ª

tipo_aae

- p *parque*
- x *xardín*
- ax *área xogo*
- pr *praza*
- el *espazo libre (público)*
- el *espazo libre (privado)*

Para **equipamentos:**

tipo_dot_pxom

E educación
D deportivo
R relixioso
SC sociocultural
AD administración pública
S sanitario
AS asistencial
S.P servizo público
IB infraestruturas urbanas
AD administración pública

tipo_aae

- do *docente*
- dp *deportivo*
- rx *relixioso*
- sc *sociocultural*
- adm *administrativo*
- snt *sanitario*
- as *asistencial*
- seg *seguridade*
- szu *servizos urbanos*
- in *institucional*



Concello de Vigo

XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

Para *transportes e comunicacións*

tipo_dot_pxom

T transporte

tipo_aae

- *pk* *aparcadoiro*

Para *infraestruturas*:

tipo_in

abs

san

elec

gas

tlc

tipo_aae

- *abs* *abastecemento*

- *san* *saneamento*

- *elec* *electricidade*

- *gas* *gas - gaseoducto*

- *tlc* *telecomunicacións*

4. CÓMO CUMPLIMENTAR UNHA TABOA DE ATRIBUTOS DAS CAPAS EN FORMATO SIX

Sinálanse cales son os campos mínimos da táboa de atributos que debe conter cada unha das capas.

FASE DE PLANEAMENTO:

1. Na fase de anteproxecto de planeamento, achegárase a capa a) ámbito de planeamento
2. No resto de fases de planeamento, achegárase todas as capas: capa a) ata a capa d).

FASE DE EXECUCION DO PLANEAMENTO

1. Na fase de xestión achegárase a capa e)
2. Na fase de urbanización achegárase a capa f)

Exemplos:

Ámbito de planeamento

- Nun ámbito de solo urbano non consolidado

Tipo plan	ámbito	nome
PERI	A-0-00	nome

- Nun ámbito de solo urbanizable

Tipo plan	ámbito	nome
PP	S-00-X	nome

Ordenación detallada

- Nun ámbito de solo urbano non consolidado

ámbito	cat_pxom	cat_loug	tipo_cat_pxom	cual	dot	uso_pxom	zon_aae	tipo_dot_pxom	tipo_aae	ord_ref
A-0-00	SUNC	SUNC	APR	ORD_A			resunil			Ord_9
A-0-00	SUNC	SUNC	APR	ORD_B	SX	EL	zvel	ZV4 ^a	p	Ord_14



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411

A-0-00	SUNC	SUNC	APR	ORD_B	SX	EL	zvel	EL1ª	pr	Ord_14
--------	------	------	-----	-------	----	----	------	------	----	--------

- Nun ámbito de solo urbanizable

ámbito	cat_pxom	cat_loug	tipo_cat_pxom	cual	dot	uso_pxom	zon_aae	tipo_dot_pxom	tipo_aae	ord_ref
S-00-X	SUD	SUZD	S	ORD_C	SL	EQ	equip	E	do	Ord_13

Edificaci3ns

ámbito	estado	altura
A-0-00	existente	B+1
A-0-00	prevista	B+2

Viario

viario	titularidade	tramo	estado
V1	local	A-B	proposto
PO-325	auton3mico	B-C	existente
VG-20	estatal	C-D	existente

Xest3n

ambito	xestion	pol
A-0-00	SC	1
A-0-00	SCT	2

Urbanizaci3n

ambito	tipo_in	tipo_rede
A-0-00	elec	BT
A-0-00	san	fec

”

Por todo o anterior, en virtude das competencias conferidas á Vicepresidenta da XMU na Resoluci3n do Alcalde-Presidente do 08.02.2013, así como dos artigos 4º e 5º dos Estatutos da XMU (versi3n consolidada BOP 06.10.2010), RES3LVESE:

PRIMEIRO: Aprobar a Instruci3n para a unificaci3n dos criterios t3cnicos para a incorporaci3n da informaci3n



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo
EXPEDIENTE Nº: 14484/411

xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo, elaborada en novembro de 2014 polos servizos técnicos e xurídicos da XMU, en colaboración co Responsable da Administración electrónica e a Xefa da Área Técnica da XMU, de acordo co informe proposta que obra no expediente.

SEGUNDO: Publicar a presente Instrución no Boletín Oficial de Pontevedra e na páxina web do Concello de Vigo para xeral coñecemento.

TERCEIRO: Dar conta desta Resolución ao Consello da XMU na seguinte sesión que celebre para o exercicio das funcións de control que ten estatutariamente atribuídas e notificala a todos os servizos da XMU.
LLR/

Vigo, 12 de novembro de 2014
A VICEPRESIDENTA DA XMU
(P.D.Resolución do 08.02.2013
do Alcalde-Presidente)

Asdo.: M^{ra}. del Carmen Silva Rego



DOU FÉ: O SECRETARIO DA XMU

Asdo.: José Riesgo Boluda



Concello de Vigo
XERENCIA MUNICIPAL DE URBANISMO
PLANEAMENTO E XESTION

ASUNTO: Instrución para a unificación dos criterios técnicos para a incorporación da información xeográfica aos instrumentos de natureza urbanística no Concello de Vigo

EXPEDIENTE Nº: 14484/411